

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11462 *Real decreto 843/2013, do 31 de outubro, polo que se modifican o Regulamento de retribucións do personal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, e o Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril.*

O Regulamento de retribucións do personal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, estableceu un conxunto de incentivos dirixidos a garantir o recrutamento e a permanencia nas Forzas Armadas do persoal militar profesional que ten unha relación de servizos de carácter non permanente. En concreto, no artigo 4, números 3 e 4, regúlanse o complemento de incorporación que poderán percibir os militares de tropa e mariñeiría e o incentivo por anos de servizo que poderán percibir os militares de complemento e os de tropa e mariñeiría.

Con posterioridade á aprobación deste regulamento, a Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, regulou un novo modelo de carreira de tropa e mariñeiría que permitía a este persoal permanecer nas Forzas Armadas, a través dos compromisos de longa duración, até facer os 45 anos, e poder pasar a partir desta idade á situación de reservista de especial dispoñibilidade. Ademais, o persoal de tropa e mariñeiría podía acceder á condición de permanente e adquirir, en consecuencia, a condición de militar de carreira.

Así mesmo, a disposición transitoria quinta da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que os que no momento da entrada en vigor desta lei tivesen a condición de militar de complemento continuarán rexéndose polo réxime de compromisos e ascensos establecido na Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, e na disposición derradeira primeira da Lei 8/2006, do 24 de abril, coas modificacións establecidas nesta disposición, así como que tamén poderán optar por asinar, logo de declaración de idoneidade, un compromiso de longa duración até os corenta e cinco anos co réxime establecido para a tropa e mariñeiría na citada Lei 8/2006, do 24 de abril.

O sistema de incentivación previsto para os militares profesionais non permanentes no Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas non parece adecuado á situación actual, posto que con posterioridade á súa aprobación se estableceron diversas medidas dirixidas a incentivar a permanencia nas Forzas Armadas do colectivo de tropa e mariñeiría e dos militares de complemento, polo que, co obxecto de optimizar e facer máis eficientes os gastos de persoal, dunha parte suprímese o complemento de incorporación, que afecta exclusivamente o colectivo de tropa e mariñeiría, e doutra, adécuase e modifícase a definición do incentivo por anos de servizo para que sexa unha retribución exclusivamente de tropa e mariñeiría, ao tempo que se establece a dispoñibilidade orzamentaria como un condicionante máis á hora de establecer as condicións para a súa percepción.

Con este real decreto tamén se pretende evitar, sempre e cando se cumpran determinadas condicións que se deberán fixar nas disposicións de execución e desenvolvemento, que o persoal que por un acto relacionado co servizo sufra unha insuficiencia de condicións psicofísicas, o que obriga á apertura dun expediente para determinar tal insuficiencia, perda o destino que viña ocupando e pase a pendente de asignación de destino até a súa finalización, o cal ocasiona unha importante perda retributiva.

Por outro lado, o Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril, establece que ao persoal que cese no destino pola realización de cursos de formación ou de perfeccionamento se lle asignará, con

carácter forzoso, un destino no centro docente militar onde se imparta o curso ou na unidade que se determine, pero o Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas en vigor só permite a percepción das retribucións do emprego e non as do posto ao persoal que accede por promoción aos cursos de formación, polo que cómpre adecuar estas disposicións para que se destine o dito persoal ao centro de formación e perciba as retribucións do posto.

Durante a súa tramitación, emitiron informe sobre este real decreto as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Defensa e de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro.*

Modifícase o Regulamento de retribucións do persoal das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1314/2005, do 4 de novembro, como segue:

Un. O número 2 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«2. O soldo é o asignado a cada un dos subgrupos de clasificación a que se refire o artigo 152.2 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, segundo a redacción dada pola disposición derradeira terceira da Lei 39/2007, do 19 de novembro, en concordancia co artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, coas equivalencias entre os subgrupos de clasificación e empregos militares que figuran no anexo I.»

Dous. O número 3 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os trienios están constituídos por unha contía que se fixará nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano para cada subgrupo de clasificación, e perfeccionarase un cada tres anos de servizos efectivos en calquera situación en que se recoñeza o tempo para estes efectos.

No caso de variación de emprego militar que comporte cambio de subgrupo de clasificación, o tempo transcorrido antes do cambio considerárase, para efectos de completar un trienio, como de servizos prestados no grupo/subgrupo en que se perfecciona.

O importe será o correspondente á contía fixada para cada subgrupo de clasificación en que cada trienio se perfeccionase.

Os militares cunha relación de servizos de carácter temporal só devindicarán trienios a partir da data do inicio do compromiso de longa duración.»

Tres. O número 3 do artigo 4 queda sen contido.

Catro. O número 4 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«4. O incentivo por anos de servizo poderano percibir os militares de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal, nun pagamento único cada vez que cumpran as condicións que se determinen. Estas condicións e a súa contía serán fixadas polo ministro de Defensa, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, tendo en conta, entre outras, as

necesidades do planeamento da defensa militar, as dispoñibilidades orzamentarias e os anos de servizo.»

Cinco. O número 2 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«2. Cando o militar profesional estea pendente de asignación de destino, percibirá as retribucións básicas e os complementos de emprego e compoñente xeral do complemento específico asignados ao seu emprego, e as restantes retribucións previstas no artigo anterior, sempre que se cumpran as condicións previstas neste regulamento para a súa percepción.

Cando o militar profesional perda o destino en aplicación do previsto nos números 2 e 3 do artigo 121 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e sempre que a insuficiencia de condicións psicofísicas estea relacionada co servizo, e cumpra os requisitos e condicións fixados por orde do ministro de Defensa, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, percibirá até a resolución do expediente, ademais das retribucións propias da situación, un importe que se calculará mediante a suma do compoñente singular do complemento específico que tiña asignado o posto que ocupaba, incluíndo a parte da paga adicional que lle puidese corresponder nos meses de xuño e decembro e o importe medio mensual do complemento de dedicación especial que percibise nos seis meses anteriores ao do feito causal, incluído este.

Se se encontra nese momento participando en operacións de apoio á paz e de axuda humanitaria no estranxeiro e, por ser incompatible o complemento de dedicación especial coa indemnización, nalgúns meses non percibise este complemento, considerarase que nos ditos meses o importe será o relativo ao mesmo que se toma para o cálculo da indemnización.

Se non percibe o compoñente singular por estar destinado no estranxeiro e, por tanto, percibe complemento específico, tomarase, para os efectos do parágrafo anterior, a diferenza deste complemento co compoñente xeral do complemento específico, sempre que esta sexa positiva.»

Seis. O número 3 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os alumnos dos centros docentes militares de formación percibirán mensualmente o 60 por 100 do soldo do subgrupo C2, sen dereito a pagas extraordinarias.

Os alumnos do ensino militar de formación, unha vez concedidos con carácter eventual os empregos de alférez, sarxento e soldado, coas denominacións específicas determinadas nas normas de réxime interior dos centros militares de formación, percibirán unha retribución equivalente á porcentaxe do soldo que para cada caso se indica:

- a) Alférez alumno: 60 por 100 do subgrupo A2.
- b) Sarxento alumno: 45 por 100 do subgrupo A2.
- c) Soldado alumno: 60 por 100 do subgrupo C2.

Tamén percibirán pagas extraordinarias por un importe igual á porcentaxe de soldo establecido para cada emprego.

Estas pagas extraordinarias devindicaranse de acordo co previsto no artigo 2.4.

Aos militares de carreira e aos militares de complemento e militares de tropa e mariñeiría cun compromiso de longa duración, que se encontren en servizo activo e ingresen nun centro militar de formación, se durante o período de formación perfeccionan algún trienio, concederáselles do subgrupo correspondente a aquel do que perciban as súas retribucións.

No caso de militares de complemento e militares de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal, que non teñan subscrito un compromiso de longa duración, que durante a súa permanencia nun centro militar de formación

completen o tempo necesario para o perfeccionamento dalgún trienio, este recoñeceráselles ao acceder a militar de carreira, en ambos os casos, ou ao iniciar o dito compromiso para estes últimos, do subgrupo correspondente a aquel do que percibían as súas retribucións naquel momento.

Os alumnos do ensino militar de formación non devindicarán retribucións complementarias, salvo nos períodos de prácticas en unidades previstos nos seus respectivos plans de estudo, en que percibirán o 100 por 100 do complemento de emprego correspondente ao emprego efectivo equivalente ao seu, así como, se for o caso, as retribucións recollidas nos artigos 13, 18 e 19 que lles poidan corresponder.

Aínda que as contías de referencia responden a unha periodicidade mensual, aboaranse por días.

Os alumnos do ensino militar de formación non devindicarán trienios. Non obstante, ao ingresaren nas escalas correspondentes como militares de carreira ou ao asinaren o compromiso de longa duración computaráselles, para efectos de trienios, o tempo transcorrido a partir da data en que foron nomeados alféreces ou sarxentos, con carácter eventual, ou desde a data do compromiso inicial para o persoal de tropa e mariñeiría.

Os militares que ingresen nos centros docentes militares de formación poderán optar, ao causaren alta administrativa no centro correspondente ou ao obtengan un emprego eventual, entre percibir as súas retribucións de acordo co establecido nos puntos precedentes ou percibir as retribucións correspondentes ao emprego que teñen e ao destino que ocupan no centro docente militar.»

Sete. O número 1 do artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«1. As retribucións básicas e as complementarias, excepto a gratificación por servizos extraordinarios, devindicaranse e faranse efectivas por mensualidades completas e de acordo coa situación e dereitos do militar referidos ao día un do mes ao cal os haberes correspondan, salvo nos seguintes casos, en que se liquidarán por días:

- a) No mes en que se adquira, se perda ou se renuncie á condición de militar.
- b) No mes de obtención do primeiro emprego militar.
- c) No mes en que se produza cambio de subgrupo de clasificación.
- d) No mes en que se produza cambio de situación administrativa que orixine o cesamento ou alta no percibo de retribucións, salvo que o cesamento sexa por motivos de falecemento ou retiro.
- e) No mes en que se inicie ou finalice unha licenza por asuntos propios.
- f) Naqueles casos expresamente determinados neste regulamento.»

Oito. O anexo I queda redactado do seguinte modo:

«ANEXO I

Subgrupos de clasificación de empregos militares

Empregos militares	Subgrupos de clasificación
De xeneral de exército / almirante xeneral / xeneral do aire a tenente / alférez de navío.	A 1
De alférez / alférez de fragata a sarxento	A 2
De cabo maior a soldado / mariñeiro, cunha relación de servizos de carácter permanente.	C 1
De cabo primeiro a soldado / mariñeiro, cunha relación de servizos de carácter temporal.	C 2»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril.*

Modifícase o número 7 do artigo 25 do Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril, que queda redactado do seguinte modo:

«7. Ao militar que cese no destino pola causa k) do número 4 asignaráselle, con carácter forzoso, un destino no centro docente militar onde se imparta o curso no caso de formación, ou na unidade que se determine na resolución correspondente no resto dos cursos. Se o curso se realiza no estranxeiro asignaráselle un destino en territorio nacional.»

Disposición transitoria única. *Incentivos por anos de servizo do persoal militar de complemento que actualmente presta servizo.*

O persoal militar de complemento que cando entre en vigor este real decreto se encontre prestando servizo nas Forzas Armadas poderá percibir o incentivo por anos de servizo que se estableza na correspondente orde ministerial pola que se ditan normas para a aplicación dos incentivos por anos de servizo.

Disposición derradeira primeira. *Persoal en ensino militar de formación.*

O persoal que cando entre en vigor este real decreto se encontre cursando estudos en centros docentes militares de formación, destinado nalgunha unidade distinta do centro docente militar de formación, deberá pasar destinado ao dito centro, cos efectos económicos desde o día un do mes seguinte á data do destino.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e forzas armadas.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de outubro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN